



HISTORIA DE ROMA (IV)

O IMPERIO: DOMINADO (284-476 d. C.)

[235-284 d.C.: **Anarquía militar**, con máis de 30 Emperadores en menos de 50 anos]

Gaio Aurelio Valerio **Diocleciano** (284-305 d.C.)

305-306 d.C.: Sucesión anarquica de **sete Emperadores**

Gaio Flavio Valerio Aurelio **Constantino** (306-333 d.C.)

337-392 d.C.: Novo período inestable con sete Emperadores

Flavio **Teodosio** (379-395 d.C.)

395 d.C.: División definitiva do Imperio entre Oriente e Occidente

476 d.: **Rómulo Augústulo**, derradeiro Emperador de Occidente



Diocleciano
(245 -316 d.C.)


Despois de case 50 anos nos que o trono se disputou entre militares, un deles, Diocleciano, decidiu acabar coa ficción republicana na que aínda se vivía, e transformou o sistema.

Tiña claro que os problemas de goberno procedían da excesiva intromisión do exército na política. Isto era normal, xa que era a única forza capaz de manter a unidade do territorio; e a excesiva extensión do Imperio era outro dos problemas.

Para minimizar a influencia do exército, dispuxo varias leis que separaron o poder civil e o militar, fortalecendo o primeiro. A partir daquel momento, o Emperador foi un auténtico monarca absoluto, con atributos divinos. Roma adoptaba así formas de goberno propias das antigas monarquías de Oriente Próximo.

A Tetrarquía

Ademais, Diocleciano atacou o problema da inmensidade do territorio dividindo a súa administración. Ideou o que coñecemos como tetrarquía (“gobierno de catro”): dous Emperadores (chamados *Augusti*) tiñan o poder supremo, mais elixían como asociados (chamados *Caesares*) outras dúas persoas (non necesariamente parentes), que deberían sucedelos.



Cada Augusto (co seu correspondente César) tiña ó seu cargo unha metade do Imperio:

- Occidente: de Italia a Hispania e Britania, con capital en *Mediolanum* (actual Milán), e con Maximiniano como Augusto e Constancio Cloro como César.**
- Oriente: do mar Adriático ata Oriente Medio, con capital en Nicomedia (actual Izmit, no noroeste de Turquía), e con Diocleciano como Augusto e Galerio como César. Roma xa non era a capital.**


Batalla da Ponte Milvia



En 305, Diocleciano, dando exemplo, abdicou. Como consecuencia, asumiron o poder os dous Césares, mais os seus respectivos fillos (Constantino e Maxencio), considerando que tiñan dereito á sucesión, emprenderon unha loita polo poder, que rematou na mesma Roma, coa batalla da ponte Milvia.

Segundo declarou el mesmo, a noite antes da batalla, Constantino tivo unha visión na que aparecía inscrita no seu estandarte a expresión *In hoc signo vinces* (“Con este símbolo has vencer”, referíndose á cruz cristiá). Pouco tempo despois, en 313, o edicto de Milán autorizaba a liberdade de culto e, polo tanto, o cristianismo. Isto é un sinal da forza que xa tiñan os cristianos na sociedade romana.





Constantino reunificou o Imperio, vencendo na batalla de Adrianópolis a Licinio, quen usurpara o poder na parte oriental.

Tamén decidiu trasladar definitivamente a capital e fundou unha nova cidade ás beiras do Mar Negro que leva o seu nome: Constantinopla (actual Istanbul).

A pesar de que deixou a sucesión disposta entre os seus fillos e sobriños, de novo o Imperio sumiuse nunha anarquía xestionada polo exército durante 42 anos, ata a chegada ao poder de Teodosio.




Constantino
(272-337 d.C.)

Teodosio realizou unha serie de reformas importantes. Por unha banda, autorizou a entrada no exército romano dos godos: Roma era xa demasiado feble para conter a presión dos pobos bárbaros, que vían no Imperio unha presa apetecible.

Teodosio
(347-395 d.C.)



Por outra, no ano 391 permitiu ó cristianismo culminar o seu progreso político: foi declarada única relixión do Imperio, co que os cultos pagáns quedaron prohibidos.






Seguindo o exemplo que iniciara Diocleciano, Teodosio asociou ó poder os seus fillos Arcadio e Honorio, encargados respectivamente de Oriente e Occidente.

Arcadio (377-408 d.C.)



Coa morte repentina de Teodosio, a división territorial fíxose definitiva: o Imperio de Oriente mantivo a súa capital en Constantinopla, mentres o de Occidente trasladouna de Roma a Rávena.



Remata así a historia do Imperio Romano propiamente dita, xa que a partir de agora as dúas metades do territorio terán historias e fortunas diferentes.

Honorio (385-423 d.C.)

As invasións bárbaras




A parte occidental, cada vez máis debilitada pola presión dos bárbaros e a súa incapacidade para contelos militarmente, ademais de verse afectada por graves crises económicas, entrou nun proceso de decadencia progresiva e sen volta atrás: mesmo se viu obrigada a comprar a súa tranquilidade pagando fortes impostos aos invasores. O Imperio de Occidente non sobrevivirá cen anos a Teodosio.

Rómulo Augústulo e Odoacro



En 476 d. C. o derradeiro Emperador de Occidente, Rómulo Augústulo, entregouse a Odoacro, un líder xermánico da tribo dos hérulos. Non se volveu elixir ningún Emperador.

Pola súa banda, o Imperio de Oriente continuou a súa vida durante case 1.000 anos máis (mesmo coñeceu un breve período de expansión baixo Xustiniano I, no s. VI), ata que o emerxente imperio turco otomán o conquistou por completo coa toma de Constantinopla en 1453.



Caída de Constantinopla

Roma desapareceu, pero permanece viva, como comprobarás, en múltiples aspectos da nosa cultura e vida cotiá actual, comezando polos nosos idiomas.

O romano foi, sen dúbida, de todos os imperios que coñeceu a humanidade, o que máis fonda pegada deixou.

Ben se pode dicir que o que comezou como unha pequena aldea ás beiras do Tíber deixou un legado inmenso e eterno.

